

# ***Apuntes para unha historia da educación de xordomudos en España***

*M<sup>a</sup> Dolores Cotelo Guerra*

*Universidade de Santiago*

**RESUMO:** Neste artigo partimos das primeiras referencias que encontramos na historia sobre a educación de xordomudos. España foi o primeiro país en dedicarse ó ensino de xordomudos, gracias a figuras como Pedro Ponce de León, o seu primeiro mestre, no século XVI. Á continuación aparecen unha serie de persoas e institucións que se ocuparon deste tipo de educación ó longo de catro séculos, destacando entre todas elas o Colexio Nacional de Xordomudos en Madrid, nos séculos XIX-XX.

**ABSTRACT:** This article uses early references from historical records on the education of the hearing and speech impaired. Spain was the first country to provide education for deaf-mutes, thanks to figures such as Pedro Ponce de León and his first teacher in the XVI century. Over a period of four centuries there have been a number of people and institutions that have dedicated their efforts to this type of education, one of the most outstanding of which is the National School for the Deaf in the XIX-XX centuries.

## **Introducción**

As primeiras referencias que temos sobre os xordomudos encontrámoas nas culturas antigas. A historia relátanos como eran tratados estes seres, cualificados sempre de incompletos<sup>1</sup>: os espartanos sacrificábanos por consideralos seres inútiles para a defensa da patria, precipitándoos polo monte Taigeto; os romanos, pola súa banda, considerábanos seres eivados para a instrucción por mor de non poder artellar palabras, de xeito que senón os tiraban ó Tiber e decidían ocuparse deles sometíanos a

---

<sup>1</sup> Para facer un percorrido histórico sobre os diferentes persoeiros que trataron o tema dos xordomudos na antigüidade pode verse o traballo de FRESNO, D. (1978): "Historia y metodología de la sordomudez", *Proas*, 43, separata, pp. II-IV.

tratamentos brutais consistentes en cortarllelo freniño da lingua na creenza de que esta fose a causa da súa mudez; os atenienses case sempre remataban por sacrificalos ou, no mellor dos casos, abandonalos.

Entre as civilizacións antigas atopámonos tamén coa idea xeneralizada de que o xordomudo era produto dunha maldición por carecer do don da palabra. Herodoto (484-424 a.c.), primeiro historiador que nos fala dos xordomudos, así o reflicte. Por el sabemos que eran considerados seres castigados polos deuses culpándoos dos pecados cometidos polos seus devanceiros<sup>2</sup>, de xeito que os condenaban a morte para agradar a divindade.

Coa chegada do cristianismo ponse freo a tanta crueldade: continuouse considerándoos seres imperfectos e anormais, aínda que a súa vida debía respectarse por caridade. A idea da caridade cristiá mantívose durante a Idade Media, época na que a Igrexa, se ben por unha banda condenaba o infanticidio, por outra, procuraba o medo cara calquera individuo ou cousa que se saíse da normalidade. Este era o caso dos xordomudos: seres enfeitizados e posuídos polo demo.

Todo o exposto ata o de agora fai referencia á presenza dos xordomudos na historia. Pero, ¿que ocorre coa súa educación?, ¿cando escomezan a seren instruídos? Será na Idade Media cando por primeira vez se considere a súa educación e serán mestres españois os creadores dos primeiros métodos de ensino. A partir do século XVI, con Frei Pedro Ponce de León, precursor e primeiro mestre, iranse sucedendo unha serie de feitos encamiñados á institucionalización da educación de xordomudos, non só en España senón tamén no resto de Europa. Institucionalización que no noso país escomeza no ano 1794 coa inauguración en Madrid da primeira escola oficial de xordomudos, antecedente do que logo sería, anos máis tarde, o primeiro Colexio Oficial de Xordomudos, inaugurado baixo o patrocinio da Real Sociedade Económica Matritense de Amigos do País en 1805. Dende esa data, e con carácter de Colexio Nacional, podemos dicir que a historia da Educación dos Xordomudos en España é a historia deste centro, que ten subsistido con algunhas interrupcións, traslados de edificio, numerosas reorganizacións e direccións de marcado matiz político ata os primeiros intres da Guerra Civil. A partir dese momento o colexio permanecerá pechado uns anos, volvéndose a abrir baixo unhas circunstancias sociais e políticas ben distintas.

---

<sup>2</sup> LOPEZ SOLORZANO, J. (1968): "Historia de la pedagogía sordomudística", *Servicio*, Semanario del S.E.M., Asociaciones de Enseñanza Primaria.

## 1. Orixe da educación de xordomudos<sup>3</sup>

A educación de xordomudos escomeza en España no século XVI, cando o monxe beneditino Frei Pedro Ponce de León (1509-1584) funda no mosteiro de San Salvador de Oña (Burgos) "la primera cátedra de sordomudística que se estableció en el mundo... A él le deben los privados del primer factor social que por un defecto orgánico estaban aislados de la sociedad, de que naturalmente forman parte, su reivindicación y emancipación"<sup>4</sup>.

Foi o primeiro en concibir a idea de que era posible desmutizar o xordomudo e demostrouno de forma práctica ensinando a falar e a escribir a varios xordomudos fillos de nobres casteláns. No seu método distínguense tres fases principais<sup>5</sup>:

1ª Ensino da linguaxe escrita. De xeito intuitivo o alumno identificaba palabras con obxectos reais, gravados e debuxos, adquirindo así vocabulario por medio de combinacións de escritura-obxecto e obxecto-escritura. Os verbos ensinábaos por medio de accións executadas ou representadas, chegando así a completar oracións gramaticais. É moi probable que para conseguir estes obxectivos se servise da Dactiloloxía ou alfabeto manual<sup>6</sup>.

2ª Transformación da linguaxe escrita en oral, ensinando primeiro as posicións e movementos da lingua, o deletreo despois, para chegar por último á lectura completa. Parece evidente que Ponce debía posuír coñecementos profundos de fisioloxía dos órganos fonatorios e da respiración.

3ª Cultivo da intelixencia<sup>7</sup>, orientado a fornecer os coñecementos necesarios e suficientes para que os seus alumnos non se limitasen a reproducir frases feitas, senón que a través da lectura e explicacións puidesen chegar a conversar e integrarse na sociedade.

---

<sup>3</sup> Neste número aural da Revista Sarmiento non podíamos pasar por alto unha mención especial a unha figura histórica galega de relevo no campo da educación dos xordomudos: a de D. Pedro de Castro de Carballido. Revisados diversos dicionarios e obras de referencia, localizamos a semblanza realizada por D. Miguel Granell na *Gaceta del Sordomudo* (nº 5, xaneiro de 1935). Polo seu interese, consideramos oportuno a súa íntegra reprodución en anexo.

<sup>4</sup> GRANELL, M. (1927): *Tratado para la educación del sordomudo y del sordomudociego*. Madrid. Imp. del Colegio Nacional de Sordomudos y de Ciegos, pp.116-117.

<sup>5</sup> FRESNO, D., *op. cit.*, pp.VIII-IX.

<sup>6</sup> Este alfabeto manual no que cada postura da man se corresponde cunha letra, será perfeccionado posteriormente por Juan Pablo Bonet na súa obra *Reducción de las letras y arte para enseñar a hablar a los mudos*.

<sup>7</sup> LOPEZ-SOLORZANO, J. (1969): "Métodos de reeducación de sordos", *Servicio*, Semanario del S.E.M., Asociaciones de Enseñanza Primaria.

O inmediato sucesor de Ponce de León será Manuel Ramírez de Carrión (1579-1652), quen perfeccionará o método creado polo monxe beneditino, coñecido desde entón como *Método oral*, baseándose tamén no ensino da escritura, a lectura labial e a palabra falada: "Si el sordomudo no sabe leer, se le hará aprender el alfabeto, y cada letra de éste se repetirá varias veces, hasta que el sordomudo la pronuncie bien; luego, pronunciación de voces de modo objetivo y se hablará seguido para que sepa ordenar las palabras"<sup>8</sup>.

Tenta tamén a rehabilitación auditiva, sen conseguila, empregando prácticas médicas moi "orixinais" para que os alumnos<sup>9</sup> perciban o son (rapado da cabeza, fregas con alcol, etc).

Se Ponce de León foi o inventor do método oral e Ramírez de Carrión o seu continuador, será Juan Pablo Bonet (1579-1633) o encargado de difundir esta práctica no seu libro *Reducción de las letras y arte para enseñar a hablar a los mudos*<sup>10</sup>, publicado no ano 1620. Esta obra, traducida a varios idiomas, foi o primeiro tratado pedagóxico que se coñece para a desmutización de xordomudos, establecéndose nela as bases do método oral. A través da súa lectura podemos observar as orientacións pedagóxicas que distinguen a obra de Bonet: considera a palabra como elemento clave e, polo tanto, a articulación, da que tivo un coñecemento tan fondo como o que ten a fonética moderna, e aínda que o alumno se exprese de viva voz non emprega na comunicación máis que a escritura e a dactiloloxía. Sen descoidar a intuición, recorre, ó mesmo tempo, ó uso da mímica, pero só ata que o xordo acadada o coñecemento da lingua.

Ó contrario que Carrión, non fai uso da lectura labial<sup>11</sup>. Aínda así, a Bonet débese-lle na metodoloxía xordomudística a noción dos contrastes, a relación entre as ideas e as accións, a loita contra o delecteo na lectura, a arte de ensinar a ler por redución

---

<sup>8</sup> GRANELL, M. (1927), *op.cit.*, p. 119.

<sup>9</sup> No seu libro *Maravillas de la naturaleza* (1629), recolle o nome dalguns dos seus alumnos, que o mesmo que os de Ponce son fillos da nobreza castelá. Concretamente un deles, D. Luis Fernández de Velasco, irmán do Condestable de Castela, será posteriormente alumno de Juan Pablo Bonet.

<sup>10</sup> No ano 1620 publicouse por primeira vez esta obra. Transcorridos tres séculos a Librería Francisco Beltrán rescatouna volviendo a publicala no 1930 cunha introducción crítica a cargo de Jacobo Orellana, Lorenzo Gascón e Tomás Navarro Tomás, edición que reeditará a editorial CEPE no ano 1992.

<sup>11</sup> A lectura labial ou labiolectura está en oposición á dactiloloxía, xa que aquela esixe que a vista se dirixa ós labios e cara, mentres que esta atende os movementos rápidos da man.

dos nomes das letras, as aportacións ó estudio da fonética e da gramática e o primeiro alfabeto dactilolóxico<sup>12</sup>.

Co pasamento de Carrión e Bonet o ensino de xordomudos en España sufrirá un grande abandono durante case dous séculos. A aparición da obra *Escuela Española de Sordomudos o arte para enseñarles a escribir y hablar el idioma español* no ano 1795, escrita por Lorenzo Hervás y Panduro (1735-1809), pon fin a esta situación. Aínda que en realidade este traballo, publicado en dous volumes, non é máis ca unha síntese das ideas e métodos dos seus antecesores, supón de feito o rexurdimento dos métodos e do ensino dos xordomudos, e será ademais o elemento de unión necesario para conectar dúas épocas históricas fundamentais: as orixes do método oral (S. XVI) e o seu desenvolvemento e evolución posterior (S. XVIII ó XX). De non ter sido así, teríamos quedado desprazados do mundo do ensino dos xordomudos.

## 2. Cara á institucionalización da educación de xordomudos: o século XIX

A data de publicación da obra de Hervás y Panduro marca o inicio dunha época na que os poderes públicos comezan a asumir, aínda que timidamente, a responsabilidade da educación de xordomudos. Así, en agosto de 1794 inaugúrase en Madrid, a instancia de Manuel Godoy, a primeira institución española en beneficio dos xordomudos<sup>13</sup>. Esta escola, situada no Colexio do Avapiés e dirixida polo escolapio José Fernández Navarrete, tivo unha vida curta xa que rematou sendo pechada pouco tempo despois da súa inauguración por non poder ser atendida polo seu director.

Os resultados acadados polo Padre Navarrete na súa escola chamaron a atención da Real Sociedade Económica Matritense de Amigos do País, que poucos anos despois decidiu fundar o primeiro Colexio de Xordomudos<sup>14</sup>, solicitando ó rei en febreiro de 1802 a autorización e as axudas pertinentes para crear este establecemento. O rei aproba o proxecto, poñendo o Colexio baixo a protección da Sociedade Matritense, e será en 1804 cando entre en vigor o Regulamento do Real Colexio de Xordomudos<sup>15</sup>,

<sup>12</sup> Introducción á obra de Bonet feita por Jacobo Orellana e Lorenzo Gascón, pp. 20-22.

<sup>13</sup> GRANELL, M. (1927), *op. cit.*, p. 129.

<sup>14</sup> Segundo nos conta Miguel Granell (*Gaceta del Sordomudo*, 11, 1936, p. 4), este centro instálase na Praza Maior, na Casa do Concello chamada da Panadería, abrindo as súas portas o 27 de marzo de 1802.

<sup>15</sup> Este Regulamento aprobouse por R.O. de 10/12/1803.

base e antecedente do que finalmente será Colexio Nacional, nomeándose director a D. Antonio Josef Rouyer e Berthier<sup>16</sup>.

O Regulamento de 1804 é o primeiro que se publica en España sobre ensino e organización dun centro de xordomudos. Ó longo dos seus doce capítulos recóllense os seguintes aspectos:

- O Colexio estará baixo a dirección e goberno da Real Sociedade Económica Matritense, que nomeará unha xunta para rexentalo, formada por oito membros da Sociedade, ademais do director (Capt. I).

- Os alumnos podían ser: contribuíntes (*internos*), que pagarán polo ensino e manutención, e terán certos privilexios<sup>17</sup> (Capt. VIII); non contribuíntes (*internos*), mantidos a cargo do colexio, que precisamente pola súa condición non podían pasar de seis (Capt. X); discípulos agregados (*externos*), que pagarán polo seu ensino ou ben recibirán ensino gratuito nos casos de probeza manifesta (Capt. XI).

- O programa educativo será igual para tódolos alumnos: lectura, escritura, aritmética, gramática castelá, xeometría, xeografía e historia. Estas materias dispensábanse seguindo os métodos de L'Épée e Sicard (Capt. IV).

- O persoal docente do establecemento estaría formado polo Mestre-Director, do que depende o ensino e o bo goberno do Colexio, sendo designado pola Xunta segundo informes moi rigorosos de idoneidade e boa conducta (Capt. V) ; e un axudante, encargado do aseo e asistencia dos alumnos ás clases e exercicios relixiosos. Outra das súas obrigas sería ensinarlles a ler (Capt.VI).

---

<sup>16</sup> Antonio Josef Rouyer e Berthier, mestre e socio da Sociedade Económica Matritense de Amigos do País, foi o primeiro director do Colexio de Xordomudos. Comisionado en 1802, foi enviado a París para que estudiase *in situ* o método que aplicaba Ambrosio Sicard (1742-1822), discípulo de Carlos Miguel L'Épée, difusor do ensino de xordomudos en Francia, máis coñecido como o abate IEpée, que foi o inventor do "método mímico" e o fundador da primeira escola pública en Francia, inaugurada en 1760. O seu discípulo e sucesor, o abate Sicard, foi quen instalou e organizou o Instituto Nacional de Xordomudos de París, que gozaría dunha grande reputación e fama mundial ata ben entrado o século xx.

<sup>17</sup> Os privilexios fan desde ter un axuda de cámara para o uso e coidado das roupas ata unha habitación individual con boa ventilación e aseo, pasando por unha boa dieta alimenticia, un bo coidado e trato en caso de enfermidade e un amplo vestiario. Nin que dicir ten que, pola contra, os non contribuíntes non gozaban de ningún destes privilexios; ó contrario, "su comida será máis frugal, como que es gratuito y el vestido se reducirá a chaqueta, chaleco y pantalón de paño de Segovia, y una levita, también de paño" (art 4º, Capt. X.).

- Non se prevé inicialmente a educación das nenas xordomudas. Resérvase para máis adiante o tema da súa educación, en función dos fondos e circunstancias do centro (Capt. XII).

Aínda que o Colexio se funda en 1802 e o seu regulamento entra en vigor no ano 1804, non será ata o 9 de xaneiro de 1805 cando se inaugure oficialmente o Real Colexio de Xordomudos, establecéndose na rúa das Rejas<sup>18</sup>, nº 2. Pero de novo, a súa existencia será curta: a invasión francesa do 1808 determinará o seu peche.

Rematada a guerra da Independencia, e baixo o mandato de Fernando VII, reábrese o establecemento o 16 de outubro de 1814<sup>19</sup>, continuando a súa dirección e goberno baixo a tutela da Sociedade Matritense, aínda que con novas instalacións no número 11 da rúa do Turco. Esta nova etapa trae consigo un novo Regulamento en 1818 que, aínda tendo como referente o de 1803, ó longo dos seus 122 artigos introduce algúns cambios importantes, entre os que cabe salientar:

- Creación dun "departamento de nenas", emprazado en instalacións novas e axei-tadas, illado e incomunicado do dos nenos e onde se dispensarán as mesmas materias que ós rapaces, ademais dos labores propios do seu sexo. A idade de ingreso para ambos sexos será antes dos sete anos ( Arts. 20, 34, 87).

- Amplíanse as materias de ensino, que agora abranguen o uso da voz, lectura, escritura, aritmética común, gramática e ortografía do idioma, principios de xeometría, debuxo de ornato, principios de relixión e lectura labial. Ademais, tódolos anos se celebrará un exame público tanto ós nenos como ás nenas (Arts. 33 e 110).

- Amplíase tamén o persoal docente. Ademais do Mestre-Director, encargado da parte instructiva e organizativa do Colexio e que accederá ó cargo por oposición, haberá unha directora, encargada do departamento de nenas; un axudante por cada doce xordomudos/as, que o será mediante un exame; e discípulos observadores, admitidos sen máis requisitos que un informe de boa conducta (Arts. 10, 31, 58, 54, 56).

Desde este momento e ata 1857, data na que se aproba a Lei de Instrucción Pública, o colexio sofre unha etapa de axustes económicos e tres novos regulamentos que, por máis que teñan como base os de 1803 e 1818, trataban de reorganizar a estructu-

---

<sup>18</sup> GRANELL, M. (1927), *op. cit.*, p. 129

<sup>19</sup> R.O. de 29/5/1814, pola que se restablece o Real Colexio de Xordomudos.

ra interna do centro<sup>20</sup>. Ó longo destes case corenta anos prodúcense catro feitos que paga a pena subliñar:

1º No Regulamento de 1838 rexístrase por primeira vez a finalidade do centro: "El Colegio de Sordomudos tiene por objeto la instrucción de las personas de uno y otro sexo que no pudiendo hablar por carecer del oído, necesitan medios peculiares de educación para el ejercicio de la racionalidad" (Art. 1).

2º Inauguración da primeira escola oficial para cegos en 1842, anexa ó Real Colexio de Xordomudos, de modo que a partir desta data e ata 1933, nenos xordos e cegos compartirán o mesmo centro, pasando a chamarse Colexio Nacional de Xordomudos e de Cegos<sup>21</sup>.

3º O colexio pasa a mans do Estado por unha R.O. de 16 de xaneiro de 1852, na que se dispón que o Colexio Nacional queda constituído baixo a inmediata dependencia do Ministerio de Fomento, na sección de Escolas Especiais. Polo tanto, ten xa o rango de escola oficial, de ámbito nacional.

4º Creación da Escola Normal para profesores de xordomudos por R. O. de 25 de marzo de 1957, que ten como obxectivo instruír os mestres de primeiro ensino "que aspirasen al profesorado de estas enseñanzas especiales..."<sup>22</sup> e que dirixida por Francisco Fernández Villabrille<sup>23</sup> "fue un vivero de notabilísimos maestros y un fecundo campo de experimentación, donde se contrastaron métodos, se ensayaron procedimientos y se originaron positivos progresos en aquella difícil pedagogía"<sup>24</sup>. Deste modo, o Colexio Nacional considérase como centro formativo para o profesorado de xordomudos. Esta condición manterase ata ben entrado o século XX.

---

<sup>20</sup> Referímonos ós regulamentos aprobados por Reais Ordes de 27 de xullo de 1827, 1 de setembro de 1838 e 14 de maio de 1852.

<sup>21</sup> MINISTERIO DE INSTRUCCION PUBLICA Y BELLAS ARTES (1927): *Colegio Nacional de Sordomudos y de Ciegos. Estado actual de la enseñanza en España*. Madrid, Imp. del Colegio de sordomudos y Ciegos, p. 8.

<sup>22</sup> *Ibidem*, p. 9.

<sup>23</sup> Francisco Fernández Villabrille (1811-1864), egrexio profesor e teórico do ensino de xordomudos en España. Ocupou diversos cargos no Colexio Nacional dende o seu ingreso en 1835, chegando a ser o seu director. Escribiu máis de trinta libros dedicados a educación de xordomudos, algúns en colaboración con outro profesor do colexio, José Manuel Ballesteros.

<sup>24</sup> MINISTERIO DE INSTRUCCION PUBLICA (1927), *op. cit.*, p. 9.



O 9 de setembro de 1857 apróbase a Lei de Instrucción Pública<sup>25</sup>, sendo ministro de Fomento Claudio Moyano Samaniego. En virtude da mesma, o Estado faise cargo da educación das clases "malpocadas", fornecéndolles un ensino elemental primario, que, cos cambios necesarios, darase "a los sordomudos y ciegos en los establecimientos especiales que hoy existen y en los demás que se creen con este objeto..." (Art. 6º). Como consecuencia desta disposición, o Goberno comprométese a impulsar "las enseñanzas para los sordomudos y ciegos, procurando que haya por lo menos una escuela de esta clase en cada distrito universitario, y que en los públicos de niños se atienda, en cuanto sea posible, a la educación de aquellos desgraciados" (Art. 108).

O tratamento especial que a educación de xordomudos tivo na Lei Moyano, foi moi ben acollido nas distintas rexións españolas, creándose a partir daquela moitos colexios mediante iniciativas combinadas do Estado, Deputacións provinciais e Concellos<sup>26</sup>.

Sendo ministro Alonso Martínez promúlgase outro novo Regulamento en 1863. Poderíamos dicir que é o máis completo e amplo dos elaborados ata o momento, e probablemente un dos mellores en toda a historia do Colexio Nacional. Nel defínese o establecemento de Madrid como un centro de educación e ensino con dous obxectivos: proporcionar a primeira educación ós xordomudos e preparamos para exercer un oficio ou profesión liberal e instruír e exercitar os aspirantes ó maxistero de Primeiro Ensino e o Profesorado Especial nos métodos e procedementos para esta clase de educación e ensino (Art. 2).

Nos seus 190 artigos recóllense entre outros, os seguintes aspectos:

- O persoal do centro estará composto por: un director, un crego, dous mestres de xordomudos, unha de xordomudas, dous profesores auxiliares, un profesor de escritura, un de debuxo, un de ximnasia, oito aspirantes a profesores, conserxe-porteiro, de-

<sup>25</sup> M.E.C. (1985): *Historia de la educación en España II. De las Cortes de Cadiz a la Revolución de 1868*. Madrid, Serv. de Public. del M.E.C., pp. 245-300.

<sup>26</sup> No 1900 o profesor do Colexio Nacional de Xordomudos e Cegos Pedro Molina Martín publica un libro titulado *Instituciones Españolas de Sordomudos y de Ciegos. Consideraciones sobre lo que son y debieran ser estos centros*. Nel recóllense as institucións españolas que se dedicaban á educación destes rapaces (p. 32), que a partir da Lei Moyano son: Alicante (1862); Salamanca (1863); Santiago (1864); Burgos (1868); Zaragoza e Tarragona (1871); Sevilla (1873); Valencia (1886); Badajoz (1888); Madrid (1893-Escuela Municipal); Deusto, Córdoba e Oviedo (1894). Pola súa banda o Ministerio de Instrucción Pública, no seu libro sobre o Colexio Nacional (1927, pp. 9-10) recolle ademais as de Valladolid (1862); Palma de Mallorca (1884); Castellón de la Plana (1901); e Gijón (1902).

pendentes, médico-cirurxán, o número necesario de mestres de talleres, secretario, contador depositario, arquivista e bibliotecario. Quedan ademais moi definidas as facultades, obrigas e funcións de todo este numeroso persoal (Art.16).

- O ensino dividírase en dous períodos: ensino elemental (durante seis anos), que comprenderá as materias expresadas nos artigos 2 e 5 da Lei Moyano<sup>27</sup>, sempre coa preparación e modificacións que requiren as circunstancias especiais dos alumnos, engadindo o debuxo para ambos sexos; e primeiro ensino superior (cunha duración de tres anos), onde as materias serán, idiomas, música, debuxo, outros estudos de utilidade e aprendizaxe de artes e oficios (Arts. 11, 88, 100).

- Descríbese o plano e método de ensino, dando unha especial relevancia á idea de que os profesores deberán atender particularmente o desenvolvemento da intelixencia dos alumnos, por medio dun ensino individualizado, procurando que ó aprender os signos se formen unha idea do que representan e practicando con exercicios especiais. Neste sentido, o debuxo cumpre unha dobre finalidade: desenvolver a intelixencia e dar a coñecer obxectos ou cousas, de aí que se lle conceda unha importancia especial (Arts.93, 95). Tamén se insiste no ensino profesional, detallando os oficios e profesións que se poderían aprender no colexio, destinando os dedicados á madeira, debuxo, imprenta e encadernación, xastrería e zapatería para ós nenos, e os labores de costura e goberno da casa, debuxo e gravado para as nenas (Art. 14).

- En canto ós alumnos, estarán divididos por idades, sendo a separación por sexos absoluta. A idade de ingreso sitúase entre os sete e os catorce anos, e en ningún caso poderá permanecer no centro quen supere os vinte, debendo ser os aspirantes completamente xordomudos. Contémplanse tres clases de alumnos: xordomudos, xordomudas e aspirantes ó maxisterio (sostidos polo Estado). As dúas primeiras clases poden ser externos ou internos, mentres que os últimos serán só internos. Para os alumnos internos establécense tres modalidades: pensionistas (custearían os gastos

---

<sup>27</sup> Art.2º. O primeiro ensino comprende: Primeiro: doutrina cristiá e nocións de historia sagrada, axeitadas as características dos nenos; Segundo: lectura; Terceiro: escritura; Cuarto: principios de gramática castelá; Quinto: principios de aritmética, co sistema legal de pesas, medidas e moedas; Sexto: breves nocións de agricultura, industria e comercio, segundo as localidades.

Art.5. No ensino elemental e superior das nenas omitíranse os estudos do párrafo sexto do artigo 2º e os párrafos primeiro e terceiro do artículo 4º, reemplazándose con: Primeiro: labores propios do seu sexo; Segundo: elementos de debuxo aplicado os mesmos labores; Terceiro: lixeiras nocións de hixiene doméstica (M.E.C., *op. cit.*, p. 246).

por si mesmos), medio pensionados (pagarían media pensión) e pensionados (sostidos polo Estado, en número non superior a oitenta por ano, Deputacións, Concellos ou persoas particulares). Os alumnos externos podían ser matriculados, pensionistas (pagarían tódolos gastos) e medio pensionistas (admitidos corenta gratuitamente, xa que o Estado sufragaba os seus gastos) (Arts. 3, 62, 23, 196).

Determináanse tamén os requisitos de admisión e matrícula destes alumnos así como as pensións; as súas obrigas, medios de estímulo e represión; tipos de exames; vixilancias e distribución de tempos; cousas que deben levar os internos cando ingresan no centro, así como o tipo do alimentación e condicións de aseo persoal (Arts.76-87 e 129 -150).

Transcorridos dous anos dende a aprobación e entrada en vigor do Regulamento de 1863, o Colexio Nacional tivo que ser pechado, unha vez máis, por espacio dun, debido a un andazo de cólera. En 1866 o goberno concede un novo edificio para a súa instalación, esta vez no número 15 da rúa de san Mateo<sup>28</sup>, lugar no que, a pesar de non reunir as condicións necesarias, continuará ata 1898, data na que se produce un novo traslado a un edificio amplo, con instalacións modernas, situado no Paseo da Castellana, número 71<sup>29</sup>

Antes de finalizar o século producírase un grande avance na educación de xordomudos metodoloxicamente falando. En setembro de 1880 tería lugar en Milán o II Congreso Internacional sobre Educación de Xordomudos, onde se acorda o uso do "método oral puro" como único sistema de educación e instrución para este tipo de nenos, rexeitando por completo a linguaxe de signos. Determinábase tamén a idade máis axeitada para o ingreso dos alumnos nos colexios (entre oito e dez anos); que a duración dos estudos debería ser como mínimo de oito anos; e que a ratio profesor-alumno non debería ser superior a dez, atendendo a criterios de eficacia no ensino<sup>30</sup>.

A partir deste momento o Colexio Nacional de Xordomudos e de Cegos de Madrid, o mesmo que outras institucións europeas, adoptará a liña oralista como sistema de comunicación e ensino do neno xordomudo, rexeitando a linguaxe de signos por atrasar a aprendizaxe da linguaxe oral debido a súa maior facilidade.

---

<sup>28</sup> GRANELL. M.(1905): *La enseñanza de los sordomudos en España*. Madrid. Imp. del C. N. de Sordomudos, pp. 45-47.

<sup>29</sup> Segundo se recolle no nº 2 da *Gaceta do Xordomudo* do ano 1934, este edificio inaugurouse o 21 de maio de 1898.

<sup>30</sup> FRESNO. D. (1978): "Historia y metodología de la sordomudez". *Proas*, 44, Separata, p. IX.

### 3. Consolidación da educación de xordomudos en España: primeiro tercio do século

O comezo do século XX supón unha nova etapa na existencia do Colexio Nacional de Xordomudos, que cumpre un século de vida, e tamén na atención educativa que o Estado presta a estes rapaces. Ó longo do primeiro tercio deste século atopámonos con diversas iniciativas legais, con rango de Ordes e Decretos, por parte dos diferentes gobernos, encamiñadas a organizar e, sobre todo, tratar de afianzar a educación dos xordomudos e cegos. No primeiro decenio prodúcense tres acontecementos salientables:

1<sup>o</sup> Dous Reais Decretos con data de 25 de maio de 1900, sendo ministro de Instrucción Pública e Bellas Artes Antonio García Alix. Un crea o cargo de Comisario Rexio do Colexio Nacional de Xordomudos e de Cegos, encargado da dirección e goberno dese centro; o outro, nomea ó conselleiro de Instrucción Pública nese momento, o Marqués de Guadaleras, para este cargo.

2<sup>o</sup> Un novo Regulamento para o Colexio Nacional, asinado polo conde de Romanones con base na Real Orde 19 de setembro de 1901. Este novo regulamento ven substituír o de 1863, que era o que viña funcionando ata ese momento. Nel temos que subliñar o feito de que por primeira vez se prevexa unha instrucción completa, igual e obrigatoria para os cegos de ámbolos dous sexos, con estudos xerais, ensinanzas artísticas (baseadas na educación musical) e industriais, específicas para eles.

3<sup>o</sup> O ministro Alvaro Figueroa, Conde de Romanones, aproba por Real Decreto de 17 de outubro de 1902 outro regulamento, que se xustifica pola necesidade de reorganizar o Colexio Nacional para que sexa o modelo a seguir para os centros oficiais e particulares que se teñen aberto ó abeiro do artigo 108 da Lei Moyano, así como dos que se queiran abrir no futuro; modelo non só en canto a capacidade, instalacións, profesorado ou tipo de ensinanzas, senón tamén de norma e exemplo de progreso, dirixindo a educación que se imparte no centro cara as novas correntes pedagóxicas.

A pesar destas boas intencións non se van introducir novidades importantes e case se podería afirmar que, en liñas xerais, vólvese ó regulamento de 1863, aínda que con lixeiras actualizacións: a) O Colexio Nacional é un centro oficial, dependente do ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, sostido con fondos do Estado e non pode ser considerado como Asilo ou Establecemento de Beneficencia. Polo tanto, os alumnos non poderán continuar no centro unha vez rematada a súa instrucción ou cumprida a idade regulamentaria (Art. 3); b) ampliáanse as ensinanzas, que agora serán:

ensinanza relixiosa, literaria, científica, industrial e artística, suficientes para fornecelos dos medios necesarios de subsistencia a xordomudos e cegos de ámbolos dous sexos comprendidos entre os 6 e os 20 anos (Arts. 1 e 34.); c) establécense dous niveis de ensino: elemental e superior, e á súa vez cada un deles dividirase en clases teóricas e prácticas (Art. 59). En canto as materias, as ensinanzas técnicas experimentan unha pequena innovación, xa que se introducen a horticultura, xardinería e follalatería como profesións non estudiaadas ata este momento no Colexio (Art. 60); d) o profesorado experimenta un considerable aumento, pasando a formar parte do cadro persoal vinte e catro profesores (Art. 6); e) o número de alumnos que agora sosteirá o Estado aumenta a 150<sup>31</sup> (Art. 33), que poderán ser internos (pensionados ou pensionistas), externos (medio pensionados, medio pensionistas e matriculados) e matriculados (retribuíntes e gratuítos) (Art. 32).

Polo que respecta á vida do Colexio Nacional, 1906 será unha data importante para este centro. A finais de decembro deste ano celebrarase nas súas instalacións do Paseo da Castellana, a I Primeira Asemblea Nacional para o Melloramento da Sorte dos Xordomudos e dos Cegos, presidida polo Comisario Rexio Eloy Bejarano, quen uns meses antes dirixira unha carta ó ministro Amalio Gimeno xustificando a convocatoria da devandita asemblea pola "conveniencia de reunir en Madrid una Asamblea Nacional de profesores de sordomudos y de ciegos para tratar en ella asuntos muy importantes relacionados con la enseñanza, educación y porvenir social de los desgraciados seres que carecen del sentido del oído o de la vista"<sup>32</sup>.

A Asemblea dividirase en dúas seccións independentes: unha de Cegos e outra de Xordomudos, onde se discutiron os seguintes temas propostos polo claustro de profesores do Colexio Nacional: I O neno xordomudo denantes do seu ingreso nas escolas especiais: Organización do ensino de xordomudos en España. II Condicións legais e técnicas esixibles ó profesorado de xordomudos. Aptitudes dos xordomudos para ó

---

<sup>31</sup> Aínda que non existen estatísticas oficiais da cifra de xordomudos en España, este número parece escaso falando en termos dun Colexio Nacional. O Conde de Romanones no Preámbulo do R.D. de 17/10/1902 afirma que en España viven "...más de 30.000 individuos necesitados de sistemas educativos especiales". Deles arredor de 100 reciben unha ensinanza máis ou menos completa nos centros oficiais e particulares, "...dejando el resto en la más absoluta ignorancia y constituyendo una carga y a la vez un peligro para la sociedad".

<sup>32</sup> MINISTERIO DE INSTRUCCION PUBLICA Y BELLAS ARTES (1908): *Primera Asamblea para el mejoramiento de la suerte de los sordomudos y de los ciegos*. Madrid. Imp. del Colegio Nacional de Sordomudos y de Ciegos, pp. 5-6.

profesorado. III Ensinanzas gráficas e plásticas nos establecementos de xordomudos. Traballos manuais. Extensión e alcance de todas estas ensinanzas nos distintos centros. IV Utilidade dunha estatística de xordomudos. Quen e como debe levala a cabo. V Institucións e leis protectoras para os xordomudos. VI Tratamento médico e hixienico dos xordomudos colexiados. VII Métodos, sistemas, procedementos e formas de ensino para cada unha das materias que comprenden a cultura primaria e a profesional<sup>33</sup>. Anexa á Asemblea celebrouse unha exposición de todo aquilo que se consideraba útil para a educación e ensino dos xordomudos e cegos: traballos, libros, material didáctico, aparellos, etc.

Que esta Asemblea foi un éxito demostrou a atención que a prensa lle dedicou e os máis de catrocentos participantes<sup>34</sup>, persoas interesadas na educación e futuro social dos xordomudos e cegos españois. Estes dous feitos poñen de manifesto o alto grao de sensibilización cara estes nenos, cualificados de malpocados, por parte da sociedade, que xa tiña iniciado a finais do século pasado un movemento de opinión, segundo o que a sociedade ten obriga moral de proporcionar instrución e o Estado obriga legal. Neste senso, algunhas das numerosas conclusións ás que chegaron os assembleistas foron encamiñadas a esixir ós poderes públicos que exercitasen funcións de intervención e tutela destes nenos:<sup>35</sup>

- Reclamar ás Deputacións o cumprimento do artigo 108 da Lei Moyano.
- Comprometer ó Ministerio de Instrución pública para que cree bolsas e pensións para que os profesores españois poidan viaxar ó extranxeiro a estudar os problemas relacionados coa educación destes rapaces.
- Formación dunha estatística de xordomudos e de cegos.
- Promulgación dunha Lei de protección tanto para xordos como para cegos.
- Fomentar a creación de asociacións de xordomudos e cegos, proporcionándolles protección oficial.

---

<sup>33</sup> *Ibidem*, p. 21.

<sup>34</sup> *Ibidem*. Nas páxinas 26 a 44 publícase a relación dos 429 participantes, así como o seu enderezo e profesión. A maioría son profesores, tanto de xordomudos e cegos como de educación primaria. Hai tamén políticos, representantes da prensa, antigos alumnos do Colexio Nacional, Profesores de Escolas Normais, etc. En canto á prensa, dicir que se publicaron noticias anunciando a celebración da Asemblea nos seguintes xornais: El Heraldo de Madrid, Diario Universal, El Evangelio, El País, La Escuela Moderna, La Enseñanza.

<sup>35</sup> *Ibidem*, pp. 461-462.

Diante destas esixencias, e animado por este movemento social en favor dos nenos deficientes, o ministro Antonio Barroso creou o Patronato Nacional de Xordomudos, Cegos e Anormais por Real Decreto de 22 de xaneiro de 1910<sup>36</sup>, “a cuyo seno fueron llamados los maestros especializados en las enseñanzas de sordomudos, ciegos y anormales, los médicos que habían hecho objeto de sus estudios estas afecciones y los sociólogos y filántropos encariñados con tan vital problema, afectó un carácter principalmente consultivo, en todo lo referente a la protección e higiene pedagógica y social de las personas privadas de la palabra, de la vista o del funcionamiento normal de sus facultades mentales, si bien ejercía igualmente determinadas atribuciones de orden ejecutivo y fiscalizador, puesto que a él le fueron encomendados todos los asuntos relativos al Colegio Nacional de Sordomudos y de Ciegos<sup>37</sup>”.

Transcorridos varios anos apróbase outro Regulamento por Real Decreto de 2 de outubro de 1915, sendo ministro Saturnino Esteban Miguel y Collantes, que introduce dúas novidades importantes: O colexio servirá de centro formativo para os alumnos que queiran aprender os métodos e procedementos educativos especiais aplicables ós xordomudos (Art. 2); e desenvolverase unha función post-escolar mediante a que os alumnos educados e instruídos neste centro poidan atopar unha ocupación axeitada a súa actividade, tratando de relacionalos coas institucións sociais creadas para a súa protección, tales como Asociacións de xordomudos, Bolsas de traballo, Cooperativas, Mutualidades de previsión, Sanatorios, etc. (art. 56).

A década dos vinte iníciase a implantación dun curso de Ortoepia<sup>38</sup> para profesores de xordomudos no colexio nacional e co arrendamento dunha propiedade finca de-

---

<sup>36</sup> Ó longo da súa historia o Patronato estivo exposto ás circunstancias políticas dos diferentes gobernos, e máis que un beneficio para xordomudos, cegos e anormais supuxo un obstáculo para que a súa educación avanzase. Proba distos son os continuos reaxustes que sufriu: R.D. 24/4/1914, disolvendo o Patronato Nacional de Anormais; R.D. 10/3/1916, polo que se volve ó Patronato Nacional de Xordomudos Cegos e Anormais; R.D. 8/8/1916, dividindo o patronato Nacional en dúas seccións independentes, unha de Xordomudos e Cegos e outra de Anormais; R.D. 25/8/1917, polo que se crean tres patronatos independentes: Patronato Nacional de Xordomudos, Patronato Nacional de Cegos e Patronato Nacional de Anormais Mentais; R.D. 13/9/1924, disólvense os tres Patronatos e reunifícanse nun só. Apartir de 1934 Xordomudos e Cegos estarán xuntos de novo nun Patronato Central (Decreto 16/21/1934), mentres dos Anormais mentais ocupárase o Patronato de Cultura dos deficientes (Decreto 19/4/1934).

<sup>37</sup> MINISTERIO DE INSTRUCCION PUBLICA Y BELLAS ARTES (1927), *op. cit.*, pp. 12-13.

<sup>38</sup> R.O. 8/8/1921 pola que se establece un curso de Ortoepia no Colexio Nacional de Xordomudos e Cegos. Este curso de Ortoepia, ou arte de pronunciar correctamente, aplicado ó ensino dos xordomudos, foi encargado á profesora do Colexio D<sup>a</sup> María Luisa Navarro de Luzu-

nominada "Huerta del Obispo", destinada a establecer unha granxa agrícola na que se darían clases prácticas de agricultura. O número elevado de alumnos que chegaban ó centro procedentes do medio rural xustificaría a creación desta granxa<sup>39</sup>, que ademais de dispensar ensinanzas prácticas de arboricultura, froricultura, conserva de froitas e verduras, avicultura, etc., serviría tamén de sanatorio para os alumnos doentes.

Unha vez insatalado o Directorio Militar do Xeneral Primo de Rivera, prodúcese un recorte nos presupostos xerais do Estado, circunstancia que obriga a que varios profesores, sobre todo os interinos, sexan cesados, xa que se amortizan as súas prazas. Nesta mesma época estrutúrase novamente o cargo de Comisario Rexio do Colexio Nacional<sup>40</sup>, nomeando ó Marques de Retortillo quen, desde a súa posición, obtería a equiparación de soldos entre profesores de Escola Normal e profesores de xordomudos e cegos. Estes últimos serán receptores de dous feitos importantes: organízanse en Madrid cursos normais para as ensinanzas especiais dos profesores de disártricos<sup>41</sup> na Escola Normal de Mestres; e resólvese que estudien determinadas ensinanzas na Escola Superior do Maxisterio aqueles Mestres que desexen adquirir os estudos que capaciten para o ensino de xordomudos e cegos, mentres que os estudos de métodos e procedementos especiais deben realizalos no Colexio Nacional<sup>42</sup>. Esta situación farase oficial cando o Ministro Elias Tormo organize a Escola Normal

---

riaga, segundo as recomendacións do Laboratorio de Estudios Históricos dependente da J.A.E. Este laboratorio emitiu un informe a favor da preparación e competencia desta profesora, quen para demostrar a súa aptitude presentou unha Memoria titulada *Resumen de las principales deficiencias que se observan en la enseñanza de la pronunciación de los sordomudos*, na que estudia metodicamente os defectos que estes nenos cometen ó aprender a linguaxe oral, en relación coa respiración, a articulación, o veo do padal e as cordas vocais.

<sup>39</sup> R.O. 23/9/1921 pola que se crea a granxa agrícola, aprobándose o seu regulamento mediante R.O. 27/3/1922.

<sup>40</sup> R.D. 11/5/1925 creando o cargo de Comisario Rexio do Colexio Nacional de Xordomudos e Cegos e nomeando Comisario ó Marques de Retortillo, quen dimite o 30/12/1929. Foi substituído por Julián Díaz Valdeparés, quen permanece no cargo escasamente catro meses, xa que logo sería ocupado por Alvaro López Núñez, nomeado por R.D. 5/4/1930, posto que ocupará ata a proclamación da Segunda República, que transformará o cargo en "Comisario especial do Goberno nos Colexios Nacionais de Xordomudos e Cegos".

<sup>41</sup> Estes cursos serán dispensados polo profesor do Colexio Nacional Jacobo Orellana Garrido, quen xunto cos tamén profesores do mesmo colexio M<sup>a</sup> Luisa Navarro de Luzuriaga e Miguel Granell y Forcadell, serán os encargados das materias do Curso Normal para profesores de xordomudos.

<sup>42</sup> PLATA, J. (1951): "Medio siglo de educación española de ciegos, sordomudos anormales mentales y otros deficientes (1900-1950)". *Bordón*, vol III, pp. 61-77.



para profesores de xordomudos e cegos, mediante Real Decreto de 29 de novembro de 1930, tendo como finalidade a formación dos profesores destinados a instrucción e educación destes nenos, así como os estudos de investigación e divulgación destas materias (Art. 1).

Os mestres de primeiro ensino que desexen acudir a esta Escola Normal atoparanse con dúas seccións, unha de xordomudos e outra de cegos, nas que se consideraran as materias obxecto de estudo. O primeiro curso será de estudos comúns e comprenderá fisioloxía humana (con especial incidencia nas funcións da audición, a fonación e a visión), psicoloxía xeral, paidoloxía e pedagogía xeral. O segundo curso será de especialidade; as materias para a sección de xordomudos serán fonética e psicoloxía da linguaxe, ortofonía, pedagogía especial de xordomudos e a súa historia, e prácticas pedagóxicas (art. 2). Unha vez aprobadas todas estas disciplinas o alumno normalista terá que redactar unha Memoria ou tese que será examinada por un tribunal de profesores da escola; acadado o visto e prace o Ministerio de Instrucción Pública outorgaralles o título da especialidade cursada (art.6º).

Coa chegada de II República, esta organización da Escola Normal manterase, se ben se concreta un aspecto que antes non se tivera en conta: a escasa relación que os nenos xordomudos e cegos tiñan cos mestres-alumnos. O Decreto de 22 de setembro de 1931 tentará poñer solución a esta situación, xa que segundo se relata no seu preámbulo "Los Maestros-Alumnos se limitaban a seguir los cursos normales mientras la vida interna del Colegio Nacional de Sordomudos y Ciegos quedaba confiada a personas extrañas al Magisterio Nacional, carentes de la obligada capacidad pedagógica, y que imprimían al colegio fisonomía de asilo y hospicio". Téntase, polo tanto, modificar a forma de ingreso nos cursos normais e substituír con mestres nacionais as relixiosas encargadas do réxime interno do establecemento. Para iso, os mestres/as admitidos residirán no colexio e alternarán os seus estudos cos servizos e tutela dos nenos no internado (art. 4). Ademais, e no segundo ano, practicarán na organización de clases, redactando programas e dando clases baixo a dirección dos profesores titulares (art. 5).

O labor reformador que inicia a República a nivel educativo incide tamén na estrutura interna do Colexio Nacional. Iníciase así, nun primeiro momento, un período de reorganización que comenza coa Orde do 11 de xuño de 1932, pola que se dispón que se constituía unha Comisión encargada de presentar ó Ministerio de Instrucción Pública un proxecto de reorganización do colexio que habería abranguer "desde las cuestiones

pedagógicas hasta las del personal, régimen interno e instalación definitiva de los colegios, ya que el Ministerio considera indispensable la separación de los sordomudos y de los ciegos para acomodarlos en edificios, que por su situación y disposición, respondan mejor a las exigencias de la moderna pedagogía". Estas ideas recollidas no preámbulo da Orde, asinada por Fernando de los Rios, anticipa os acontecementos que a partir deste intre rexerán a vida do establecemento levándoo, fnalmente, cara unha etapa de fonda inestabilidade.

O primeiro destes acontecementos terá lugar o ano seguinte, cando Domingo Bar-nés<sup>43</sup> asine un decreto polo que se separan definitivamente os Colexios Nacionais de Xordomudos e de Cegos, e de paso anuláanse tódolos Reais Decretos, Reais Ordes e Regulamentos que aprobaran os Gobiernos da Monarquía sobre estes Centros (Art. 7); desde este momento as Deputacións<sup>44</sup> deben axudar ó seu financiamento.

A separación de xordomudos e cegos dará resultados moi diferentes para uns e outros. Ámbolos dous perden o magnífico edificio que o Colexio Nacional posuía desde finais do Século XIX no Paseo da Castellana, sendo ocupado pola Escola Normal feminina e o Museo Pedagóxico<sup>45</sup>. Pero mentres o Colexio Nacional de Cegos se instala definitivamente en Chamartín de la Rosa, o de xordomudos atopará aloxamento provisorio no número 33 da Rúa Granada en 1934<sup>46</sup>. Neste mesmo ano prodúcese a revisión do Regulamento do Colexio Nacional de xordomudos que desde o Real Decreto de 2 de outubro de 1915 non fora actualizado.

O novo Regulamento<sup>47</sup>, que non introduce variacións importantes, senón que respecta a maior parte dos puntos do anterior, continúa a definir o colexio como un establecemento oficial sostido con fondos do Estado para a educación, ensino e formación profesional dos xordomudos de ambos sexos que sexan semixordos, duros de oído e

---

<sup>43</sup> Preámbulo do Decreto 19/9/1933 polo que se separan os Colexios Nacionais de Xordomudos e Cegos.

<sup>44</sup> Mediante unha Orde de 28/10/1933 dispónse que se comunique ás Deputacións Provinciais que deben manter e aínda aumentar, se fora posible, as cantidades consignadas para os Colexios de Xordomudos e de Cegos.

<sup>45</sup> PLATA, J. (1951), *op. cit.*, p. 73.

<sup>46</sup> *Gaceta del Sordomudo*, nº4, Novembro de 1934. Na primeira páxina publícase un artigo titulado "¡Ya tenemos Colegio Nacional!". Nel faise alusión ó peche do Colexio Nacional durante tres anos, instalándose agora na rúa Granada.

<sup>47</sup> O ministro Filiberto Villalobos asina a Orde 27/10/1934. pola que se aproba o Regulamento do Colexio Nacional de Xordomudos.

perturbados da palabra, non podendo ser considerado como Asilo ou Establecemento de Beneficencia no senso legal da palabra (Arts. 1 e 4).

As novidades que se introducen neste Regulamento de 1934, prodúcense arredor da organización pedagóxica do centro, clasificando as súas ensinanzas en catro períodos (art. 5): Educación Preescolar (4 a 8 anos), onde se establecerá a coeducación (art. 12); Cultura primaria (8 a 14 anos), obrigatoria para tódolos alumnos (art. 6), que incluírá o tempo dedicado a traballos manuais, educación física, prácticas agrícolas e ensinanzas do fogar (art. 10); Profesional (14 a 16 anos e 16 a 20 anos ou máis en casos excepcionais). Neste período profesional clasificaranse os alumnos segundo a súa vocación e aptitudes, logo dun exame de orientación profesional (art. 27), organizaranse visitas a fábricas, talleres, museos, etc. (art. 30) e realizaranse traballos industriais para fóra do colexio, polo que os alumnos recibirán unha remuneración que repercutirá no centro e neles mesmos, xa que se lles entregará unha libreta de aforros á saída do establecemento (art. 29).

Outra novidade importante é a organización por parte do director de colonias escolares de vacacións, auxiliado polo Médico e os Profesores de Cultura primaria, aproveitando para iso as Residencias e Sanatorios do Estado (art. 24); e de viaxes de estudos ó estranxeiro con Profesores e Mestres aspirantes ó profesorado que se distinguan pola súa vocación, que terán como finalidade estudar a organización escolar especial e os métodos de ensinanza (art. 37).

Os anos que restan ata o comezo da Guerra Civil serán dunha incerteza total. No outono de 1935 o Estado aluga o edificio que ocupaba o Colexio Nacional de Xordomudos a unha empresa particular<sup>48</sup>, e segundo parece será habilitado un edificio construído hai anos en Santiago de Compostela. En principio este edificio estaba destinado a Colexio Rexional. Dicimos segundo parece porque carecemos de datos e noticias que confirmen esta circunstancia, xa que dende a caída da II República ata a Lei de Educación Primaria de 1945, que volve a consinderar a educación especial para xordomudos, prodúcese un baleiro existencial e legal importante. O que si podemos afirmar é que a partir de 18 de xullo de 1936 os desexos republicanos de conseguir a rehabilitación social e laboral dos xordomudos veranse reducidas á simple "acción be-

---

<sup>48</sup> *Gaceta del Sordomudo*, nº8, Outubro de 1935, p.1. Neste mesmo número (páxinas 5 e 6) recóllese unha crónica sobre o magnífico edificio construído en San Caetano -na actualidade sede da Xunta de Galicia-, recaendo a súa dirección en D. Ramón Cabanillas Enríquez.

néfica de una doctrina religiosa y moral que les ponga en camino de la salvación dentro de la convivencia social en una vida de laboriosidad útil y provechosa”<sup>49</sup>.

---

<sup>49</sup> PLATA , J. (1951), *op. cit*, p. 75

## Pedro de Castro de Carballido, eximio sordomudista

### Biografía de Pedro de Castro

He sido siempre un admirador de los protectores de sordomudos y de los médicos, porque los considero como creadores de la virtud de la caridad, que aparecen de cuando en cuando como astros de fecunda irradiación, revelando, por medio de sus sanas teorías, verdades tan sorprendentes y adelantadas a sus épocas, que sólo la posteridad puede hacerles justicia pagándoles, a través de los siglos, su tributo de reconocimiento, y como mi biografiado reúne las condiciones antes indicadas, es merecedor a que mi pluma cante sus excelencias, aunque temo no satisfacer los deseos de mis lectores.

A los 328 años nos enteramos, gracias a las investigaciones hechas por los señores don José Cruz Letamendi, director del Colegio Regional de Sordomudos de Santiago; el cultísimo don Herminio Ramos, alcalde de Bayona y cronista de la misma, y del prócer excelentísimo señor marqués de Casas Novas, de que nació en Bayona en 24 de agosto de 1592, siendo sus padres Gregorio de Castro Oya y su mujer María de Carballido. Fueron sus padrinos Gonzalo Rajo de Acuña y María Núñez de Carballido, vecinos de Vigo, como se puede ver en el facsímil que va inserto.

*En el libro 1º de Bautizados, casados y difuntos de la Colegiata de esta villa de Bayona que empieza en el año de 1586 y concluye en el de 1594 se halla en el folio 36 de dicho libro la fe de bautismo del celebre médico Pedro de Castro firmada por el Racionero de la Colegiata Antonio Gomez.*

*En el fº 36 está la página del frente del mes de Agosto del año del 1592.*

*aveinte y quatro de dho mes baptise pº  
fijo de gregº de castro y demº de car ballido su  
muger fueron padrinos gonzalo Rajo  
da eunna y mªria nunes de carballido  
vejina de la vº debigo*

*Antonio Gomez*

Pedro de Castro de Carballido fué una de las figuras más prestigiosas del siglo XVII, como médico y como maestro de sordomudos.

Discípulo de Manuel Ramírez de Carrión, siguió las huellas de éste con gran sinceridad sin abrogarse méritos que no tenía suyos.

Sus estudios sociológicos le colocaron bien

pronto en el pedestal de las personalidades de alto relieve.

El afán que sentía por todo lo que pudiese redundar en bien del prójimo; los deseos que tenía en establecernos más previsiones sobre la conservación de la salud; el interés intensivo y obsesionante en curar las enfermedades, investigar el valor de la educación, instrucción, enseñanza y cultura para el perfeccionamiento del sordomudo, y cómo debían ser aplicadas las disciplinas con objeto de que con el menor esfuerzo se pudieran obtener mejores rendimientos, fueron su norma y su estela.

Esta nobleza en el obrar le hizo acreedor al dictado de virtuoso y sabio.

Su biografía la hago tendiendo a su consagración y a que en la historia de la Medicina y en la de la Sordomudística, no se le hizo la justicia merecida, porque vulgarizó sus teorías a la luz de su vocación, que la hizo triunfar en toda la lí-

nea al situarse en la senda florida de poder hacer el bien.

Sus bondadosos padres educaron a su hijo no sólo corporalmente, sino moral, social e intelectualmente para proporcionarle la felicidad sobre la base del deber, convirtiéndose ambos esposos en maestros, despertando en su hijo ideales que le pudiesen ser útiles para lo por venir al habilitarse como ciudadano o factor activo llegado el momento de egresar en el comercio social.

aumento su cultura al buscar la verdad por la verdad misma y ante la solidaria delicia de la contemplación psíquica llena de sorpresas, llegó a conocer a su maestro y amigo Ramírez de Carrión.

En su vida pública como médico, primero, y como médico y maestro después, demostró ser un verdadero hombre de acción.

Castro tuvo la fortuna de que la Providencia le deparara en la Villa del Oso y del Madroño un amigo, oralista eminente,

1. Lápida ofrecida al Concejo de Bayona por los alumnos del Colegio de Sordomudos de Santiago



2. Lápida confeccionada por los escolares de dicho Colegio  
3. Don José C. Letamendi pronunciando un discurso

Desde que comienza la vida del Instituto y de la Universidad, la vida de Pedro se perfila resuelta y enérgica con un carácter de acero; se dedica en cuerpo y alma al estudio; sobresale de entre sus compañeros, colocándose en primera fila, y termina su carrera de doctor en Medicina con todas las láureas académicas.

Pedro no vió en acudir a las lecciones, sino el cumplimiento de un deber y el deseo de saber. De día y de noche no pensaba en otra cosa que en hacerse hombre. Consumía las horas silenciosas de la noche a la pálida luz de un candil devorando los libros y meditando sobre su contenido, y pasó íntegra su juventud con gran alegría y tarea de beneditino. Lector asiduo en todas las bibliotecas, fecundando la originalidad de su numen iba en

te, llamado Manuel Ramírez de Carrión, y aunque este sabio profesor no consintió a nadie que le viera enseñar, permitió, sin embargo, a Pedro que asistiese a las prácticas con el fin de que conociera los medios que se empleaban para enseñar a hablar a los privados del primer factor social, pero imponiéndole como condición de que no había de revelar a nadie su secreto.

Pedro de Castro dió su palabra, y dijo a su maestro que sólo lo haría cuando escribiese su obra «Lecciones varias», cosa que no pudo cumplir porque no la pudo dar a la estampa, sin que se haya podido averiguar la causa de la no su publicación, lo que es de lamentar, porque con ello nos vemos privados de saborear sus fertilizadoras teorías.

Hechas ya las prácticas necesarias, Pedro se estableció en Vergara (Guipúzcoa), y en esta villa enseñó a hablar a un niño sordomudo, según consta en su monumental obra «Calostro».

De Vergara pasó a Santiago; de aquí volvió a Madrid a perfeccionarse en la metodología especial.

Luego se trasladó a Francia a ejercer la Medicina y a educar alguno que otro sordomudo. Terminada su estancia en dicho país, volvió otra vez a Madrid, y en la Villa del Oso y del Madroño fué donde recibió el encargo, por parte de su maestro Ramírez de Carrión, que acababa de llegar de Italia, dejando a su discípulo, el príncipe de Cariñán, al cuidado de su hijo Miguel, para que se trasladase a la Península Itálica para ponerse al frente, como director, de la educación del referido príncipe, siendo esta la causa por la cual Pedro de Castro estableció la enseñanza de los sordomudos de una manera doctrinal en Italia, tomando esta nación con tal cariño sus teorías, que hoy puede afirmarse acaso sea la que mejor practica la solera sordomudística, que dicho maestro dejó.

Terminada la educación del príncipe, fué Castro a Mantua, y el jefe de este Ducado, apreciando en dicho galeno sus admirables dotes, le nombró protomédico de la Casa Ducal, recibiendo, por parte del duque, muchos honores y consideraciones.

Al fallecer el duque de Mantua se estableció Castro en Verona, donde hizo curas sorprendentes con el aceite antipleurídico, librando de las garras de la muerte de cien, noventa y nueve de los tratados por él. Estuvo en Pavía y en otras capitales de Italia, fijando su residencia en su población favorita, Venecia, donde falleció el 14 de septiembre de 1631.

Su labor como profesor es digna de mención. Su vocación por la enseñanza la reflejaba con una alegría inefable al considerar que por su esfuerzo podría llegar a la formación espiritual y moral

de sus juveniles alumnos, quien, al ver realizar su ideal, conservó su juventud a pesar del paso de sus años, y de la dureza de su existencia no se llegó al agotamiento de su ardoroso manantial.

A pesar de su timidez le considero, entre los educadores, uno de los más conspicuos por su cultura perfumada de sincera honestidad; en una palabra: Pedro de Castro, como maestro y educador, fué fisiólogo en el buen sentido preceptivo; puericultor, dando vida al organismo; paidólogo, conocedor científico de la unidad sintética; sociólogo, porque se condolió del sordomudo; intelectual, porque se entrega a sus discípulos; creyente, porque hizo el bien por su mismo bien.

Su método tiene un dechado de perfección:

- 1.º Preparaba a sus alumnos fonéticamente.
- 2.º Les hacía colaborar de manera continua.
- 3.º Despertaba los centros de interés.
- 4.º Empleó la actividad como variata mágica.
- 5.º Para enseñar empleaba la virtud de la persuasión.
- 6.º Empleó toda clase de procedimientos, sistemas y formas de instrucción.
- 7.º Educaba a todos sin diferenciación de clases; y
- 8.º En todos los sitios donde residió dió a conocer los métodos de Ponce de León, de Bonet y de su maestro de un modo práctico.

Las principales obras que publicó fueron:

I. «Petri a Castro Bayonatin febris maligna punctulares, aphosiomis delineaata».

Esta obra se reimprimió en Pavía, Verona, Padua y Nuremberg, en los años 1650-52-53-56-62-86 y 1726 en 12.º y 8.º

Dedica esta obra a nueve alumnos: un veronés y ocho alemanes.

II. «Pestis Neapolitano Romana et Gemunes annorum 1656 y 1657, fidelata narratiōe delinest et comentaris ilustra-

tu» 1657 en 12.º Para esta enfermedad elabora Castro las hogueras y bálsamos suyos.

III. «Imber aureus sen chillas aphorisma rum ex libris epidemisis. Hipócrates et Francisco Vallisesit comentanus extractus Ulm» 1661 en 12.º. Verona, 1657 en 12.º

En esta obra demuestra ser un erudito.

IV. «Bibliotheca medici erudeti». Padua, 1654, en 12.º Bergamo 1742, en 8.º

Habla en esta obra en sentido misceláneo.

V. **Igne Lambente.** Promete publicar su obra de «Lecciones varias» y habla en ella por qué medios en España una noble indiana hacía gran abuso del cáp-fico o pimienta matanero.

VI. Tratado de Calestro, que se ocupa de la infracción de la leche en la recién parida.

En este libro, al hablar de la enseñan-

za de los sordomudos, dice: «Lo que yo dudaba de revelar lo explico así: Toda la dificultad consiste en la industria habilidad y paciencia, y afirma que en un lugar de Vizcaya, llamado Vergara, yo mismo, de la manera que se dirá, curé febrilmente en dos meses, con suma y prolija asistencia y cariño, a un niño que, siendo sordomudo, llegó a hablar perfectamente.»

Termino este modesto artículo sintiendo no haber podido ser más extenso con objeto de referir muchas cosas que tengo archivadas referentes a Pedro de Castro de Carballido, que fué en vida un destello del maestro único, y que supo honrar con sus luces a los autores de sus días, a su Patria y a su preceptor Manuel Ramírez de Carrión.

¡Loor a los bienhechores de la Humanidad!

Miguel GRANELL